

PROXECTO:

PROMOCION DO EXITO  
ESCOLAR

CRUZ VERMELLA XUVENTUDE VIGO

Cada vez máis preto das persoas



## 1. DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

O Proxecto de Promoción do Éxito Escolar, ten como finalidade ofertar un recurso dirixido á infancia **que se atopa en situación de risco ou desventaxa social**, entendendo por tal, aquelas situacións ou circunstancias de carácter persoal, familiar ou do seu entorno que perxudican o desenvolvemento persoal ou social dos nenos e nenas.

Tratase de ofrecer a estes nenos un espazo estable de estudo no que poidan **desenvolver actividades de reforzo escolar e educación en valores, que potencien o seu desenvolvemento armónico**, autonomía persoal e a súa capacidade para aplicar o aprendido ao seu ámbito cotiá. Polo tanto, é un espazo complementario ao centro escolar ao **desenvolver as súas actividades en horario extraescolar**.

As actividades que se realizan no proxecto están orientadas a responder ao desenvolvemento de **competencias en tres ámbitos**:

- **ámbito académico**, como base da promoción do éxito escolar.
- **ámbito da saúde**, como base da promoción de hábitos saudables.
- **ámbito social**, como base da promoción das relacións igualitaria e da participación.

## 2. OBXECTIVOS

### OBXECTIVO XERAL

Mellorar a calidade de vida da infancia e xuventude en dificultade social e proporcionarlles competencias teóricas persoais e sociais

## OBXECTIVOS ESPECIFICOS

1. Reforzar as competencias académicas de nenos e nenas en dificultade social
2. Promocionar os coñecementos teóricos e hábitos que promocionen a saúde así como completar as dietas alimentarias dos nenos en dificultade social
3. Facilitar o desenvolvemento social da infancia en dificultade social no seu entorno máis próximo
4. Establecer un sistema de xestión e coordinación que nos permita realizar o seguemento e avaliación do programa, tendo en conta o voluntariado como axente mailos recursos necesarios

### 3. PERSOAS DESTINATARIAS

As persoas destinatarias deste proxecto son **os menores educacion primaria** en situación de dificultade social e/ou en conflito social.

O grupo de menores participantes nas sesións semanais será de 15 menores.

Non se poderá poñer en marcha ou manter un centro de Promocion do Éxito Escolar se non ten alomenos cubertas 10 prazas con asistencia regular.

A selección dos participantes farase directamente polo centro escolar, tendo en conta o perfil do menor susceptible de incorporarse o proxecto; poboación infantil sometida a condicións de vida que dificultan a súa adecuada socialización e que presentan carencias importantes físicas, sociais ou emocionais:

- Desatención, abandono,
  - Dificultades de integración: discriminación étnica, discapacidades...
  - Escaseza de recursos económicos ou falta de apoios sociais.
  - Problemas emocionais derivados de situacións familiares conflictivas...
- Etc

De non estar cubertas todas as prazas por alumnado do centro escolar no que se desenvolva o proxecto, dende Cruz Vermella, con coñecemento e consentemento

do centro, valoraremos cubrir as prazas disponibles con nenos/as da zona, interesados en participar e con perfil de vulnerabilidade social.

O centro escolar remitirá a Cruz Vermella Vigo por cada menor que queira participar no proxecto a seguinte documentación anexa:

**- Anexo 1. Folla de Derivación:** Deberá cumplimentala o centro escolar coa valoración que fai para remitir ao menor ó proxecto.

**- Anexo 2 y 3. Autorización do Menor/Protección de Datos Persoais:** Deberá estar cuberta polos pais ou tutores do menor e firmada en ambas as caras.

#### 4. LOCALIZACIÓN

O proxecto de Centros de Mediación Social ten previsto desenvolverse na cidade de Vigo en 5 centros escolares:

- CEIP A DOBLADA
- CEIP CELSO EMILIO FERREIRO
- CEIP FRIANS - TEIS
- ASAMBLEA COMARCAL CRE VIGO (GRUPO PRIMARIA e GRUPO SECUNDARIA)
- IES A GUIA

#### 5. ACTIVIDADES

O proxecto consistirá **en 2 sesións de 2 horas ; que se realizarán en horario de actividade extraescolar en dúas tardes semanais,** durante todo o período escolar, exceptuando as festividades.

O proxecto consistirá ten un total de **4 horas semanais, distribuídas en 2 sesións de 2 horas onde se traballe reforzo educativo, educación para a saúde, actividades de ocio e tempo libre, desenvolvemento persoal, educación en valores...**

CONTIDOS SEMANAIS DA PROMOCIÓN DO ÉXITO ESCOLAR	
Sesión1. Duración 2 horas	Sesión 2 Duración 2 horas
Reforzo Educativo	Reforzo Educativo
Merenda	Merenda
Promoción para a Saúde	Educ Valores

Para a realización das actividades, Cruz Vermella conta cun equipo de voluntariado formado e comprometido co proxecto, de maneira que en cada sesión haberá 3 persoas voluntarias co grupo de rapaces.

A coordinación do equipo de voluntariado faise baixo a supervisión do persoal técnico da institución:

- Técnica de Cruz Vermella Xuventude en Vigo
- Educadora Social Cruz Vermella Xuventude en Vigo

## 6. METODOLOXÍA

Para a realización das actividades seguirase unha metodoloxía colaborativa, fomentando o traballo en equipo e a comunicación grupal, entre os participantes, o voluntariado e as familias. De tal maneira que se estableza un clima positivo e aberto, fomentando a importancia do respecto, do diálogo e da reflexión